



M.^a Cristina Naya Riveiro, vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte da Universidade da Coruña, fai pública a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas de cursos de verán correspondentes ás modalidades A, B, C e D para aprobación posterior pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, dentro da convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para a organización de CURSOS DE VERÁN 2025, publicada con data do 24 de xaneiro de 2025.

As solicitudes excluídas disporán dun prazo de **oito días hábiles** para corrixiren os defectos que motivan a súa exclusión, a contar a partir da publicación desta relación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, na data da publicación electrónica.

A vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte
M.^a Cristina Naya Riveiro

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE VERÁN, ANO 2025

RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS

MODALIDADE A

Núm.	Curso	Responsable UDC	Centro/Servizo
1	XVIII Curso de verán sobre dinamización lingüística : traballando en lingua con inmigrantes	Xosé Manuel Sánchez Rei	Servizo de Normalización Lingüística

MODALIDADE D

Núm.	Curso	Responsable UDC	Centro/Servizo
1	A acción da Unión europea na transición ecolóxica e dixital dos mares e os océanos	Gabriela Oanta Oanta	Instituto Universitario de Estudos Europeos "Salvador de Madariaga".

RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

MODALIDADE A

Núm.	Curso	Responsable UDC	Centro/Servizo	Causas de exclusión
1	VI Curso de verán sobre tartarugas e mamíferos mariños en Galicia.	Nuria Fernández Rodríguez	Docentes UDC	1, 13, 14 e 16
2	Eficiencia procesual e MASC. A solución definitiva para os problemas da xustiza española?	Xulio Ferreiro Baamonde	Docentes UDC	3, 7
3	Mindfulness. Cara o centro da mente: introdución aos beneficios de Mindfulness, Compañión e Insight.	María Elena Francisca Alfaya Lamas	Docentes UDC	1, 3 e 15
4	O papel da eólica mariña como vector socioeconómico e tecnolóxico da transición enerxética en Galicia: Retos e oportunidades.	Fernando de Llano Paz	Docentes UDC	1, 5, 6 e 14
5	Retos e habilidades comunicativas nunha contorna global.	Begoña Crespo García	Docentes UDC	1
6	Retos e oportunidades da transición ecolóxica para o feminismo, a enerxía e a economía.	Pablo Alonso Fernández	Docentes UDC	1 e 7



MODALIDADE D

Núm	Curso		Responsable UDC	Centro/Servizo	Causa de exclusión
1	Iniciación ao modelado BIM de instalacións en edificación con Revit+CYPE	Modelado con Revit arquitectura	Juan de Dios Rodríguez García	Docentes UDC	7
		Modelado de instalacións con CYPE (fluxo de traballo OpenBIM)			

CAUSAS DE EXCLUSIÓN

1. Non xustificar financiamento alleo ou o que xustifica é insuficiente (inferior ao 30% do orzamento).
2. Non achegar programa do curso, onde se detallen as actividades académicas (conferencias, mesas redondas, obradoiros...), con indicación de días e horas.
3. Non achegar orzamento que inclúa os honorarios de cada participante, posibles gastos de desprazamento e aloxamento, publicidade, financiamento externo e outros ou o que achega está erróneo.
4. Cada curso de verán deberá ter unha dirección e unha secretaría.
5. Coa finalidade de non coincidencia en datas no desenvolvemento dos cursos, os coordinadores deberán indicar tres períodos de datas distintos ordenados por preferencia.
6. O período para a realización dos cursos de verán vai do día 1 ao 30 de xullo de 2025 ambos incluídos. Poderán autorizarse cursos entre xuño e setembro, en casos excepcionais, que se xustifiquen polo tipo de público ao que se dirixen.
7. Non achegar autorización expresa para o uso das instalación e infraestruturas precisas por parte da dirección do centro onde se vai desenvolver á actividade.
8. O impreso de solicitude non é o establecido para cursos de verán ou os datos da solicitude están incompletos.
9. Non achegar relación de intervenientes, cun breve perfil académico ou profesional e adecuación ás materias tratadas
10. Non xustificar a importancia do curso en relación coa igualdade de xénero entre homes e mulleres.
11. O profesorado de fóra da UDC terá que impartir un mínimo de 2 horas por curso
12. Para aquelas actividades que requiran saídas das instalacións da UDC será obrigatorio concertar un seguro de accidentes para as persoas participantes que non sexan membros da comunidade universitaria.
13. A dirección non está ocupada por persoal PDI da UDC; a secretaría non está ocupada por PDI, PTXAS ou estudantado da UDC.
14. Non acadar 8 puntos unha vez aplicados os criterios de selección.
15. Superar as contías máximas previstas na convocatoria en concepto de honorarios de dirección, secretaría ou profesorado.
16. As que incumpriran as bases da convocatoria en exercicios anteriores, ter pendente a presentación da memoria de convocatorias anteriores ou ser esta insuficiente.